



PROCESO SELECTIVO, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN REITORAL DO 07 DE DECEMBRO DE 2022, (DOG DO 20 DE DECEMBRO DE 2022 E BOE DO 27 DE MARZO DE 2023), PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS DA CATEGORÍA PROFESIONAL DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE MEDIOS AUDIOVISUAIS, DO GRUPO III, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, VACANTES NO CADRO DE PERSOAL LABORAL

Exercicio: 2º Exercicio, tipo Test

Duración: 95 minutos

Santiago de Compostela, 07 de novembro de 2023.

Non abra o presente cadernillo ata que o indique o Tribunal

1- Dentro do que se denomina Aprendizaxe electrónica, sinala a resposta correcta:

- A. Nos MOOC (Massive Open On Line Course) a aprendizaxe está centrado nos materiais didácticos.
- B. Os B-learning (Blended Learning) é unha metodoloxía de aprendizaxe virtual que se dá unicamente por medio de dispositivos móbiles.
- C. No M-learning a aprendizaxe é bimodal ou híbrido, mestura de formación telemática e docencia nas aulas.

2- As fases da conversión analóxica – dixital son:

- A. Filtrado, modulación e compresión.
- B. Compresión, modulación, mostraxe e codificación.
- C. Mostraxe, cuantificación e codificación.

3- Os vídeos comprimidos en MPEG:

- A. Teñen compresión interframe.
- B. Teñen compresión intraframe.
- C. Non teñen compresión.

4- Nun triángulo de iluminación básico:

- A. A luz principal sitúase sempre á esquerda da cámara.
- B. Colócanse tres luces equidistantes do suxeito para evitar sombras.
- C. A luz de contraluz sitúase detrás do obxecto que estamos a iluminar.

5- Cal destes elementos NON é un sensor de cámara?:

- A. OBS.
- B. CCD.
- C. CMOS.

6- O patrón de cebra nunha cámara serve para:

- A. Aumentar o contraste entre as figuras negras e brancas.
- B. Mostrarnos as áreas sobreexpostas dunha imaxe.
- C. Realizar o balance de brancos de maneira automática.

7- O sinal Y de luminancia está formada por:

- A. 30% R, 11% G, 59% B.
- B. 11% R, 59% G, 30% B.
- C. 30% R, 59% G, 11% B.

8- Á hora de usar OBS para facer unha emisión, nos axustes de codificación, que opción é a máis usual poñer no control de frecuencia de transmisión:

- A. CBR.
- B. CRR.
- C. VBBR.

9- Como compartiría dentro TEAMS a súa cámara web do computador:

- A. Non se pode compartir a nosa cámara, só se poden compartir aplicacións.
- B. Usaría a opción que ten en compartir TEAMS de "Xanelas".
- C. Desde a opción que ten TEAMS de compartir "Contido de cámara".

10- Que é NDI?:

- A. NDI é un software de edición de vídeo a través de protocolo IP.
- B. NDI é unha nova tecnoloxía iniciada por NewTek que toma unha fonte de vídeo e son, como unha cámara, e envía a través da súa rede de área local como transmisión.
- C. NDI é unha evolución do protocolo TCP/IP para liñas de baixa velocidade.

11- Que é o raccord?:

- A. Os distintos elementos comúns entre dous planos consecutivos.
- B. A continuidade visual entre un plano e o que lle precede ou segue.
- C. A coherencia narrativa nunha peza audiovisual.

12- Que significa a nomenclatura 4:2:2?:

- A. Por cada 4 mostras de luminancia tómanse só 2 mostras de vídeo separado.
- B. Por cada 4 mostras de luminancia tómanse só 2 mostras da diferenza de cor vermella e 2 de azul.
- C. Por cada 4 mostras de luminancia tómanse só 2 mostras de crominancia e 2 de vídeo separado.

13- No ámbito multimedia, algúns dos contedores audiovisuais máis empregados son AVI, MP4, MKV, MOV, FLV, OGG, WEBM. que se poden definir como?:

- A. Unha especificación sobre como se ordenan dentro dun arquivo diferentes tipos de contidos multimedia codificados.
- B. Unha especificación de como codificar un tipo de información para despois poder decodificala.
- C. Unha familia de estándares para compartir vídeo na maior parte das plataformas de transmisión e dispositivos de vídeo de consumo.

14- Cal é o termo que se usa na comunicación audiovisual para describir unha conferencia ou seminario en liña en tempo real coa mesma calidade que si se fai nunha aula?:

- A. Webinar.
- B. Podcast.
- C. Moodle.

15- Con respecto aos protocolos de transmisión RTMP e RTMPS á hora de facer unha retransmisión en directo:

- A. RTMP protocolo que ofrece cifrado e conexión de seguridade.
- B. RTMPS só se usa con Adobe Flash Player e S.O. Android.
- C. RTMPS protocolo que ofrece cifrado e conexión de seguridade.

16- Que entendemos por FTP?:

- A. É o protocolo que fai posible o envío de correos electrónicos a través de Internet.
- B. É o protocolo para descargar e transferir ficheiros a través de internet.
- C. É a linguaxe por excelencia para a creación de páxinas web.

17- Cal destes formatos de son presenta compresión?:

- A. WAV.
- B. AAC.
- C. AIFF.

18- Á hora de facer unha transmisión en directo a Youtube con OBS, para enviar o vídeo ao servidor , ademais de saber o URL e protocolo do Servidor , que outro parámetro imprescindible debemos configurar ou poñer en OBS :

- A. A velocidade e tipo da liña da internet de que dispoñemos.
- B. A clave de acceso ao servidor.
- C. O nome da nosa organización .

19- Definición de Streaming :

- A. Tecnoloxía que permite ver e oír contidos que se transmiten desde internet ou outra rede sen ter que descargar previamente os datos ao dispositivo no que se visualiza e escoita o arquivo.
- B. Tecnoloxía que permite ver e oír contidos que se transmiten desde internet ou outra rede cunha descarga previa dos datos ao dispositivo no que se visualiza e escoita o arquivo.
- C. Tecnoloxía que nos permite vídeo e son só nos sistemas operativos Android e IOS.

20- Que tipo de filtro utilízase para eliminar as frecuencias graves dun sinal de son:

- A. Filtro Shelving.
- B. Filtro paso baixo.
- C. Filtro paso alto.

21- Na narrativa transmedia:

- A. A historia cóntase a través de diferentes medios e os receptores participan na expansión do relato.
- B. A difusión do produto audiovisual realízase só a través de tecnoloxías 4K.
- C. A dixitalización do produto audiovisual faise en diferentes formatos e sen a participación dos receptores.

22- Nun vectorscopio, a amplitude do vector de crominancia identifícanos:

- A. Saturación.
- B. Tono da cor.
- C. Luminancia.

23- A técnica de Chromakey consiste na separación dunha parte da escena:

- A. Por discriminación de luminancia.
- B. Por discriminación de crominancia.
- C. Por discriminación de frecuencia.

24- O rendemento dunha lámpada mídese en:

- A. Buxías/pé.
- B. Candeas.
- C. Lúmens/watio.

25- Os planos segundo o punto de vista:

- A. Poden se obxectivos e subxectivos.
- B. Poden ser picados, contrapicados e cenitais.
- C. Poden ser normais e aberrantes.

26- Nunha cámara de vídeo, cando utilizaremos un filtro ND?:

- A. Cando necesitemos aumentar a entrada de luz sen modificar a apertura do diafragma.
- B. Cando necesitemos reducir a entrada de luz sen modificar a apertura do diafragma.
- C. Cando necesitemos reducir o nivel de sinal mediante ganancia electrónica.

27- O protocolo DANTE:

- A. Permite o envío de sinais de son a través de redes IP e Ethernet.
- B. Establece normas de corrección en Davinci Resolve.
- C. É a normativa EBU europea para o cálculo de sonoridade dunha sala.

28- Un equipo que recibe varios sinais HDMI á súa entrada, e permite seleccionar de forma manual ou automática o sinal de saída do mesmo, chámase:

- A. Distribuidor.
- B. Conmutador.
- C. Conversor.

29- Que é unha luz dura?:

- A. Unha luz moi próxima ao suxeito.
- B. Unha luz con alto nivel de azul.
- C. Unha luz que produce sombras marcadas.

30- Se cambiamos o diafragma dunha cámara de f5.6 a f8:

- A. Entra máis luz no sistema.
- B. Aumenta a profundidade de campo.
- C. Aumenta a aberración esférica.

31- O módulo DSK dun mestrador de vídeo serve para:

- A. Sincronizar sinais desfasados.
- B. Levar a negro a saída de PGM da mesa.
- C. Incrustar rótulos.

32. Cales son os parámetros principais dunha porta de ruído:

- A. Ganancia, frecuencia e ataque.
- B. Limiar, ratio, ataque e relaxación.
- C. Apertura, peche e bypass.

33- Que é o balance de brancos?:

- A. O axuste da temperatura da cor da cámara á existente na escena.
- B. Axustar a sensibilidade da cámara á luz da escena.
- C. Igualar as luces da escena para evitar dominantes.

34- Un xestor de contidos audiovisuais debe permitir xestionar a información de maneira centralizada mediante:

- A. A asignación de meta información para facilitar procuras, ámbitos de acceso, documentos adxuntos.
- B. A utilización de HTML5 para a mellora da experiencia de usuario.
- C. A unidade de control multipunto que permite conexións concorrentes múltiples.

35- En iluminación é común o uso de filtros difusores. Cal das seguintes opcións NON se corresponde cos efectos conseguidos ao utilizar este tipo de filtros?:

- A. Reducir e desenfocar o reflexo do foco sobre as figuras.
- B. Converter a luz dura en luz semidura ou suave.
- C. Reducir a cobertura do feixe de luz.

36- Que función desempeña un “timeline” nun sistema de edición non lineal?:

- A. Organiza os clips nunha secuencia.
- B. Realiza a compresión de vídeo.
- C. Controla a velocidade de reprodución.

37- Nun travelling:

- A. Varia a profundidade de campo.
- B. Desprázase o punto de vista e por tanto a perspectiva.
- C. É un movemento óptico.

38- Pode producirse un salto de eixo nun plano secuencia?:

- A. Si, se ao moverse a cámara cruza o eixo.
- B. Non, posto que o cambio de eixo só se produce se hai cambio de plano.
- C. Non, se non se cruza o eixo.

39- Que é a postproducción dixital integrada?:

- A. Salas con diferentes equipos para a realización de traballos distintos.
- B. Todos os procesos de postproducción pódense realizar cunha mesma máquina.
- C. Equipos humanos que traballan nun mesmo espazo.

40- Que é un “story board”?:

- A. Un esquema do guión sen planificar.
- B. Unha planta de decorado coas posicións de cámara.
- C. Representación gráfica dos planos da película coa descrición da acción e do son.

41- Que é un controlador DAW?

- A. Un compresor dixital de amplo ratio.
- B. Un dispositivo físico utilizado para operar cun software de gravación e produción musical.
- C. O software de control dun dispositivo de son dixital.

42- Para que utilizamos un “dimmer” en iluminación

- A. Para eliminar sombras.
- B. Para suspender un foco da grella de iluminación con seguridade.
- C. Para variar a intensidade dun foco.

43- O equipamento básico ENG para gravación dunha noticia é?:

- A. Cámara de vídeo, micrófono, facho de iluminación e trípode.
- B. Cámara de vídeo, software de realización e edición de vídeo.
- C. Cámara de vídeo, iluminación, monitor de campo e PC para emisión.

44- A transformación tecnolóxica que converte o traballo ENG en MoJo:

- A. Permite a gravación, edición e transmisión de vídeo e son a través de teléfonos móbiles e tablets.
- B. Refírese á retransmisión en tempo real de producións audiovisuais xa gravadas con anterioridade.
- C. Consiste na gravación en discos externos SSD para mellorar a rapidez na transmisión de datos.

45- Se queremos facer chegar un sinal de vídeo mediante o protocolo NDI a un mesturador compatible con este protocolo, cal destas afirmacións é correcta?:

- A. Conectaremos a fonte ao mesturador cun cable coaxial e un conector BNC.
- B. Conectaremos a fonte ao mesturador con calquera cable que cumpra o estándar HD-SDI.
- C. Conectaremos a fonte e o mesturador á mesma rede local ethernet.

46- Que mostra a realidade aumentada?:

- A. Obxectos reais nunha contorna real.
- B. Obxectos reais nunha contorna virtual.
- C. Obxectos virtuais nunha contorna real.

47- A que fai referencia a extensión MXF?:

- A. A un códec de compresión de imaxe de alta eficiencia.
- B. A un formato de arquivo contedor para datos de son e vídeo.
- C. A un protocolo de transporte de vídeo para streaming.

48- Nun obxectivo zoom, que función ten o “back focus”?:

- A. Poder utilizar o macro.
- B. Manter o foco correcto en todo o rango do zoom.
- C. Asegurar o foco traseiro nos primeiros planos.

49- Que é o almacenamento de vídeo en liña?:

- A. O traballo dun equipo técnico en liña con colaboración en tempo real.
- B. A almacenaxe do contido audiovisual nunha localización remota.
- C. A retransmisión en directo dunha produción audiovisual.

50- Cal é a función dunha caixa de inxección directa (DI)?:

- A. Converter unha sinal mono nun falso estéreo.
- B. Converter un sinal non balanceado de alta impedancia nun sinal balanceado de baixa impedancia.
- C. Inxectar os suficiente dB a un sinal para alcanzar o nivel de liña.

51- Que é unha EDL?:

- A. Arquivos informáticos que conteñen a lista de decisións de exportación.
- B. Un códec de vídeo para web.
- C. Arquivo de datos que contén información da cor.

52- Cal é a diferenza entre a corrección de cor e a cor grading na edición de vídeo?:

- A. A corrección de cor enfócase en axustar o equilibrio de cor e a exposición, mentres que a cor grading céntrase en crear un aspecto visual específico e artístico.
- B. A corrección de cor realízase antes da gravación, mentres que a cor grading realízase despois da gravación.
- C. Son o mesmo proceso, cor grading é a nomenclatura inglesa.

53- Cal das seguintes afirmacións sobre as interfaces MIDI é verdadeira?:

- A. As interfaces MIDI só poden transmitir datos de son.
- B. As interfaces MIDI son exclusivamente teclados que se conectan a computadores ou outros dispositivos electrónicos.
- C. As interfaces MIDI permiten a comunicación de datos de control e eventos musicais entre dispositivos electrónicos.

54- Nun sistema de edición non lineal que diferenza hai entre sobrescribir (overwrite) e inserir (splice-in):

- A. Con inserir ou splice-in aumentamos o tempo total da secuencia.
- B. Con inserir ou splice-in podemos cambiar un clip por outro.
- C. Con sobrescribir ou overwrite soamente podemos incrustar títulos.

55- Que é a "automatización" de son na edición de son dixital? :

- A. A gravación de sons ambientais nunha locación de maneira automatizada.
- B. O axuste mediante key frames do volume ou outros parámetros ao longo dunha pista de son.
- C. A creación de efectos de son personalizados.

56- Que significa a sigla "ENG" no contexto da produción de noticias electrónicas? :

- A. Environmental News Gathering.
- B. Electronic News Gathering.
- C. Extended Network Graphics.

57- Cal destes formatos NON permite o intercambio de proxectos entre sistemas de edición dixital?:

- A. MOV.
- B. OMF.
- C. XLM.

58- A que fai referencia o formato aaf? :

- A. A un formato de compresión de son sen perdas desenvolvido por Apple.
- B. A un formato de compresión de son sen perdas e gratuito.
- C. A un formato de intercambio de datos multiplataforma.

59- No desenvolvemento web podemos falar das PWA (Aplicacións Web Progresivas), que se definen como?:

- A. Aplicacións web que poden ser usadas en calquera navegador, ofrecen unha experiencia de usuario de alta calidade e que se actualizan automaticamente en segundo plano, polo que o usuario terá sempre a última versión da aplicación.
- B. Aplicacións web de páxina única que buscan crear un sitio web dunha sola páxina para unha mellor fluidez na navegación sen ter que redireccionar e cargar outros apartados.
- C. Aplicacións web que poden funcionar en diferentes sistemas operativos e dispositivos con un só código, sen ter que desenvolver unha para cada sistema (IOS, Android...).

60- Que é unha secuencia?:

- A. Parte da historia que se desenvolve nunha mesma localización.
- B. Parte da historia que se grava en continuidade.
- C. Parte da historia que ten sentido completo.

61- En que consiste o sistema de exploración progresivo?:

- A. É un sistema de exploración entrelazado que non produce pestanexo.
- B. A exploración realízase a través de liñas horizontais sucesivas e paralelas.
- C. Consiste en analizar cada cadro da imaxe en dous semicadros iguais denominados campos.

62- A información redundante defínese como:

- A. A información nova ou esencial de datos dunha mensaxe.
- B. A información de datos que son repetitivos ou previsible.
- C. A información básica da mensaxe.

63- Os movementos de cámara sobre unha posición fixa son:

- A. Panorámica vertical e horizontal.
- B. Travelling e guindastre.
- C. Estabilizadores e cabeza quente.

64- A que nos referimos cando pedimos facer unha secuencia cun “gimbal”?:

- A. A usar un soporte de ombreiro para a gravación da secuencia.
- B. A usar un estabilizador externo para a cámara que nos axuda a corrixir os movementos bruscos.
- C. A usar unha plataforma con rodas que permite desprazar a cámara durante a gravación da secuencia.

65- Como denominamos o tempo que transcorre entre a chegada de dous cumios consecutivos dunha onda a unha determinada posición X:

- A. Lonxitude de onda.
- B. Período.
- C. Frecuencia.

66- No espectro visible quen ten maior lonxitude de onda?:

- A. Luz branca
- B. Luz azul
- C. Luz vermella

67- Un filtro full CTB:

- A. Reduce un punto de diafragma.
- B. Aumenta a temperatura da cor de 3200K a 5500K.
- C. Fai a luz máis cálida.

68- Os bloques principais dunha cámara de vídeo son:

- A. Sistema óptico, corpo de cámara, alimentación e conectores.
- B. Obxectivos, fontes de alimentación e filtros ópticos.
- C. Lentes variables, lentes fixas e adaptadores ópticos.

69 -O número “f” é :

- A. A relación entre a distancia focal e o diámetro do diafragma.
- B. A distancia cun obxecto para que se vexa definido.
- C. Distancia entre o centro óptico da cámara e o sensor de imaxe.

70- A que referímonos se falamos de candeas?:

- A. Intensidade luminosa.
- B. Iluminancia.
- C. Luminancia.

71- Que entendemos por composición da imaxe:

- A. Ordenar os elementos da imaxe baixo unha estrutura matemática.
- B. Crear unha estrutura lineal que soporte os elementos da imaxe.
- C. Situar os elementos dunha imaxe de tal forma que a atención do espectador se fixa no punto de interese.

72- Que procedementos existen para inxestar material nun software de edición?:

- A. Captura e exportación.
- B. Captura e importación.
- C. Envorcado e exportación.

73- A que nos referimos co termino “render” en edición non lineal de vídeo:

- A. Á organización dos clips na liña de tempo.
- B. A xerar un novo arquivo de vídeo a partir dos clips e efectos aplicados.
- C. A comprimir un arquivo para aforrar espazo de almacenamento.

74- Que é o panorama (pan) nunha mesa de mesturas de son?:

- A. Un control que axusta a ganancia dunha canle de son.
- B. Un efecto de son que crea un son envolvente.
- C. Un control que distribúe o son entre as canles esquerdo e dereito.

75- Que é unha escaleta?:

- A. Un resumo escrito do proxecto audiovisual.
- B. Unha relación escrita de secuencias ordenadas.
- C. Unha relación de secuencias estruturada en función dos personaxes.

76- Que é o ancho de banda?:

- A. A cantidade de cores transmitidas por segundo nun sinal dixital.
- B. O ancho medido en píxeles da pantalla dun televisor.
- C. A cantidade de información que pode transmitir un sistema nun período determinado.

77- Cal destas afirmacións sobre fotómetros NON é correcta?:

- A. Poden medir luz incidente e reflectida.
- B. Permiten establecer relacións de contraste entre distintas luces.
- C. Ofrecen lecturas sobre a temperatura da cor para poder realizar o balance de branco.

78- A mesa de mesturas de son permítenos :

- A. Ecuilización, panoramización e compresión do sinal de son.
- B. Gravación, ecuilización e compresión do sinal de son.
- C. Medición, gravación e ecuilización do sinal de son.

79- A que se chama frecuencia de mostraxe?:

- A. Ao número de bits para obter un nivel de calidade concreto.
- B. Ao número de mostrax tomadas nun intervalo de tempo de 1 segundo.
- C. Ao tempo que se tarda en tomar as mostrax necesarias.

80- Cal destes códecs de vídeos é propietario de AVID?:

- A. ProRes
- B. XAVC
- C. DNxHD

81- Nos procesos de edición non lineal, a que chamamos un “proxy”?:

- A. A un arquivo de vídeo con efectos VFX agregados.
- B. A un arquivo de menor resolución que o orixinal.
- C. A unha copia de seguridade dos arquivos.

82- Que é un plano nadir?:

- A. Un plano no que o horizonte está inclinado.
- B. Un plano no que a cámara se coloca por baixo do suxeito.
- C. Un plano no que se mostra a escena desde o punto de vista dun personaxe.

83- Cal destes tipos de compresión é máis adecuada para a edición?:

- A. Long GOP.
- B. Intraframe.
- C. Interframe.

84- En que consiste a ecuilización?:

- A. Anular certas frecuencias do son.
- B. Introducir cambios na resposta de frecuencia.
- C. Limpar sons desagradables.

85- A función da ganancia nunha cámara de vídeo :

- A. Permite gañar espazo na tarxeta de gravación.
- B. Aumenta a sensibilidade cando a iluminación da escena é escasa.
- C. Mellora a calidade do son gravado.

86- Cal é a resolución en full HD?:

- A. 1080x720.
- B. 3840x2160.
- C. 1920x1080.

87- Teams e Zoom son dúas plataformas de colaboración no traballo. Cal das seguintes respostas é a correcta?:

- A. A plataforma Zoom intégrase dentro de Adobe e polo tanto garántese a compatibilidade perfecta con Adobe Connect, Reader e Professional.
- B. A plataforma Teams garante a integración perfecta con todas as ferramentas Microsoft do Office 365.
- C. Teams é a evolución ou nova versión de Zoom en Microsoft despois da pandemia desde 2021.

88- En que formato podes subir vídeo á aplicación de Instagram :

- A. Só en formato MP4.
- B. En MP4 e en MOV.
- C. En calquera formato de vídeo.

89- A que nos referimos por LUT en corrección de cor?:

- A. A un espazo de traballo.
- B. A unha corrección predefinida.
- C. Á liña de tempo da edición.

90- Nos proxectos audiovisuais, o guión :

- A. É a forma escrita da narración audiovisual e consta de tres premisas: contido, significado e forma.
- B. É onde se define o tema que se quere contar.
- C. É onde se definen os personaxes e os lugares onde sucederá a acción.

Preguntas de reserva:

91- A que se chama Dividendo Dixital?:

- A. Á cesión de parte do espectro radioelétrico que ocupaba a TDT para a telefonía 4G e 5G.
- B. Ás canles de TDT que se outorgaron en 2010 pola división do espectro radioelétrico.
- C. Áo cambio da tecnoloxía analóxica á dixital na radiodifusión, coa aparición da TDT.

92- Que é o patrón polar dun micrófono?:

- A. A capacidade dun micrófono para resistir o ruído ambiental.
- B. A forma en que un micrófono capta o son en relación coa posición da fonte.
- C. Patrón de interferencia que xera un micrófono ante o ruído eléctrico producido por outros dispositivos.

93- Que é un espazo de cor?:

- A. Unha zona do decorado que se pinta dunha cor determinada.
- B. Un conxunto de cores representado en base a unha serie de parámetros numéricos.
- B. Unha cor que se utiliza cunha finalidade simbólica concreta.

94- Que é un encadeado?:

- A. Fundido dunha imaxe ata deixar a pantalla dunha soa cor.
- B. Substitución dunha imaxe por outra mediante un efecto xeométrico.
- C. Substitución paulatina dunha imaxe por outra.

95- Se queres subir un vídeo horizontal á sección Reels de Instagram e que ocupe a pantalla completa en vertical que tes que facer?:

- A. Xíralo á vertical antes de exportalo no programa de edición.
- B. Xíralo coas ferramentas de Instagram ao subir o vídeo.
- C. Instagram reconece automaticamente o vídeo e xírao se é horizontal.

